

ASISTENTES:

Presidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vicepresidente:

Don Fernando de Andrés Alonso

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Dona Natalia Prieto Viso

Polo Consello Consultivo

Dona Ana María López Guizán

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretaria:

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.10 horas do día 30 de xaneiro de 2018, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, cuarto andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 23 de xaneiro de 2018, ten lugar a XVIII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidencia é ocupada polo Vicepresidente, en exercicio da suplencia por ausencia prevista no artigo 8 do Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia.

O Presidente inicia a sesión cunha benvida aos membros. Aproveita o saúda para informar dos datos estatísticos mais salientables da actividade da Comisión que se recolleran no Informe anual ao Parlamento de Galicia. Destacando que

nas 10 sesións que tiveron lugar no ano 2017 se estudaron 115 expedientes, emitíndose un total de 111 resolucións.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 19 de decembro de 2017

A secretaria procede á lectura da acta da sesión XVII, estando conformes todos os presentes apróbbase por asentimento.

3º.- Seguimento dos expedientes administrativos en tramitación.

O Presidente indica que durante o ano 2017 foron presentadas ante a comisión un total de 132 reclamacións, quedando pendentes de resolución a data 31 de decembro de 2017 46 reclamacións. Na sesión obxecto deste acta procedérase a estudar 23 expedientes.

4º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Informase do arquivo do expediente RSCTG 089/2017 por tratarse dunha reclamación duplicada.

Infórmase de que o expediente RSCTG 107/2017 foi inadmitido por extemporáneo.

Antes de iniciar a revisión das propostas de resolución a representante do Consello Consultivo quere facer constar en acta a súa abstención no expediente RSCTG 39/2017, por ser parte interesada no mesmo. Xa que logo durante a sesión a representante do consello sae da sala durante o debate deste expediente, procedendo a reincorporarse á sesión tras o debate e votación.

O primeiro expediente da orde do día é o RSCTG 39/2017. A proposta de resolución estima a reclamación ordenando a retroacción do expediente, para poder darlle trámite de audiencia ao colectivo de letrados e letradas da Xunta de Galicia como terceiros interesados na reclamación de acceso á información pública. A representante da Xunta de Galicia defende a desestimación á vista das circunstancias do caso concreto e tendo en conta a ponderación realizada pola asesoría xurídica, durante a tramitación da solicitude, entre o interese público dos datos e a protección dos empregados públicos.

O estudo da proposta deste expediente da lugar a varias modificacións de estilo e a aprobación desta por parte dos membros representantes do Consello de Contas, a FEGAMP a vicepresidencia e o Presidente. Consecuente coa súa defensa fai un voto en contra a representante da Xunta de Galicia.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0088/2017	Estimación
RSCTG 0090/2017	Estimación
RSCTG 091/2017	Arquivo por desistimento



RSCTG 092/2017	Inadmisión por carecer a solicitude de 06.09.2017 dos requisitos para a tramitación desta en vía administrativa.
RSCTG 093/2017	Devolveuse á secretaría para elaboración de nova proposta de acordo co artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
RSCTG 094/2017	Inadmisión disposición adicional primeira
RSCTG 095/2017	Estimación
RSCTG 096/2017	Estimación
RSCTG 097/2017	Estimación parcial
RSCTG 098/2017	Inadmisión en base a disposición adicional primeira nº 1 da Lei 19/2013, do 18 de xaneiro.
RSCTG 099/2017	Inadmisión por falta de competencia
RSCTG 0100/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 0101/2017	Desestimación
RSCTG 0102/2017	Arquivo por desistimento
RSCTG 0103/2017	Inadmisión por falta de competencia
RSCTG 0104/2017	Estimación parcial
RSCTG 0105/2017	Estimación
RSCTG 0106/2017	Inadmisión por carecer de fundamento
RSCTG 0108/2017	Inadmisión
RSCTG 0109/2017	Inadmisión
RSCTG 0110/2017	Estimación por motivos formais

[Handwritten signature]
Comisión da transparencia de Galicia

4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase a celebración da seguinte reunión o 27 de febreiro ás 12.00 h.

5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 14:30 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

O Presidente suplente
(art. 8 Regulamento interno
da Comisión da Transparencia
de Galicia)

Pablo Cameselle Martínez



Comisión da
transparencia
de Galicia

A secretaria

María Puy Fraga



Comisión da
transparencia
de Galicia